



# Sociedade Galega de Historia Natural

Dende 1973 estudiando, divulgando e defendendo o medio natural galego

## Delegación de Pontevedra

Apartado de Correos nº 303 ; 36600 VILAGARCÍA DE AROUSA

(Pontevedra)

<http://www.sghn.org>

e-mail:[sghnpontevedra@terra.es](mailto:sghnpontevedra@terra.es)

1 / 2

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA  
REXISTRO DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DE PONTEVEDRA  
PONTEVEDRA

Data 20/09/2018 18:32:07

ENTRADA 92864 / RX 2403262



Xosé Lois Rey Muñiz, con enderezo a efectos de notificación no apartado de Correos nº 303 de Vilagarcía, provisto de D.N.I. nº 35.451.163, actuando en nome e representación da SOCIEDADE GALEGA DE HISTORIA NATURAL, asociación inscrita co nº 584.918 no Rexistro Nacional de Asociacións, en nome da súa delegación en Pontevedra e da Sección de Astronomía e Contaminación Lumínica, diante dos anuncios realizados dende o concello de Vigo sobre a iluminación festiva do Nadal.

## EXPÓN:

- Que estamos ante uns excesos que afectan negativamente ó medio ambiente e ó peto dos cidadáns, polo consumo enerxético innecesario (9.000.000 bombillas LED), a contaminación lumínica e o desvío dunha cantidade tan importante de recursos económicos (800.000 €).

Partindo de cálculos\* moi conservadores, a enerxía consumida equivale ó consumo de 70 fogares durante todo o ano.

\*Considerando un consumo estimado de 0,06 W por LED e 37 días (24 nov. A 6 xaneiro) por dez horas diárias acesas, temos un consumo de 1,998 \* 108 wh e segundo o INE a Cantidad consumida media por fogar en 2017 (04.5.1.0) é de 2.868,6 kwh

- Que estamos a perder o dereito a ver as estrelas por culpa da contaminación lumínica. Os nosos pobos e cidades éñchense de luz durante a noite, e gran parte desa luz, que debería usarse para iluminar o chan, ilumina o ceo cun brillante veo que nos impide ver as estrelas. Tan só fai cen anos nunha noite clara poderíamos ver desde as nosas cidades máis de 6000 estrelas a primeira ollada. Pero hoxe en día a contaminación lumínica debida ás luces de cidades reduciu ese número a unhas poucas ducias.

Os nosos fillos están medrando nun mundo onde mirar ao ceo pola noite non serve para nada, porque xa non hai nada que as luces das cidades nos deixen ver. O único que vemos é algúnhha estrela de primeira magnitude, algún planeta e a Lúa, e quen sabe por canto tempo áinda.

O ceo nocturno é unha parte máis da Natureza ameazada. En 1992 a Unesco declarou o ceo nocturno como Patrimonio da Humanidade. E no 2010 ratificouse definitivamente este título e aprobase a Declaración Mundial en Defensa do Ceo Nocturno e o Dereito a Observar as Estrelas.

- Que asumimos que é unha decisión sen volta atrás, polos acordos do concello e os contratos sinados, non obstante.



# Sociedade Galega de Historia Natural

Dende 1973 estudiando, divulgando e defendendo o medio natural galego

## Delegación de Pontevedra

Apartado de Correos nº 303 ; 36600 VILAGARCÍA DE AROUSA

(Pontevedra)

<http://www.sghn.org>

e-mail:[sghnpontevedra@terra.es](mailto:sghnpontevedra@terra.es)

### SOLICITA:

- Que o vindeiro ano se faga un Nadal onde os investimentos primen a convivencia e o benestar dos cidadáns de Vigo.
- Que se conteña o delpifarro e a contaminación lumínica, buscando alternativas más modernas e respectuosas co medio ambiente.
- Que respecto á iluminación, se nos informe do gasto económico total final e do consumo en kwh previsto.
- Que se teña por presentado o presente escrito.

Vilagarcía, a vinte de setembro de 2018.

O Delegado de SGHN-Pontevedra



Sdo.: Xose Lois Rey Muñiz.

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE VIGO.**